

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 24 DE NOVEMBRO DE 2022.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e cinco minutos do 24 de novembro de 2022 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

### **Concelleiros/as :**

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( ALCALDESA)  
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)  
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE).  
D<sup>a</sup> CRISTINA OTERO ALONSO ( PSOE)  
D<sup>a</sup> PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)  
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RBC)  
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)  
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)  
D<sup>a</sup> YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)

Alcaldesa.- Boa tarde a todos e todas, ás persoas presentes e aos que nos seguen telemáticamente. Imos comenzar a sesión ordinaria de 24 de novembro de 2022.

### **1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, ORDINARIA 27 DE OUTUBRO , EXTRAORDINARIA URXENTE DE 15 DE NOVEMBRO DE 2022 .**

**Alcaldesa.-** ¿ Hai alguna observación que facer as actas?

**D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.-** En primeiro lugar, das os parabens ao secretario pola acta de 27 de outubro, que foi moi densa e está ben recollida. Pero na mocion relativa á pista deportiva penso que o portavoz do Partido Popular, tal como fixo na mocion relativa á auga de A Grova, se comprometeu expresamente a apoiar e non se recolle.

**D César Fernández Gil ( PP).-** Estou de acordo coa acta, tal e como a recolleu o secretario.

**D Brais Fidalgo Martínez ,portavoz do goberno.-** Non se compromete coa pista do pavillón de deportes, por conseguinte.

Fican aprobadas.

## **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 28 de outubro; cinco; unha sobre licenza de obras; dúas, sobre concesión servizo Xantar na Casa; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 31 de outubro; unha sobre parella de feito.

Do 2 de novembro; dez; unha, sobre vacacións; unha, sobre arquivo exp. demolición edificación sen licenza; unha, sobre outorgamento licenza de obras; cinco, sobre aboamentos; unha sobre cambio titularidade sepultura; unha, sobre desestimación recurso reposición;

Do 3 de novembro; tres, sobre enterramentos.

Do 4 de novembro; catro, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 7 de novembro; tres; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre licenza de taxi.

Do 8 de novembro; cinco; unha, sobre concesión permiso por enfermidade de familiar primeiro grao; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre outorgamento de licenza de obras; unha sobre enterramento.

Do 9 de novembro; seis; cinco, sobre aboamentos; unha, sobre devolución taxas piscina.

Do 10 de novembro; cinco; dúas, sobre vacacións; unha, sobre aboamentos; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa de obras.

Do 14 de novembro; nove; seis, sobre liquidación de taxa de servizos ext. incendios, salvamentos e outros; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre sobre exenc. IVTM por minusvalía; unha, sobre fraccionamento débeda.

Do 15 de novembro; dúas; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre enterramento.

Do 16 de novembro; oito; tres, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; cinco sobre a liquidación de plusvalía.

Do 17 de novembro; tres; unha sobre sanción de tráfico; una, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre vacacións.

Do 18 de novembro; once; seis, sobre aboamentos; dous, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre liquidación de plusvalía; una, sobre incumprimento da

legalidade urbanística; unha, sobre designación de representante nos Consellos Escolares.

Do 21 de novembro; dúas; unha, sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre exenc. IVTM +25 anos.

Do 22 de novembro; catro; unha, sobre vacacións; unha, sobre enterramento; unha, sobre certificado de descontaminación; unha, sobre retirada por ocupación de vía pública.

Do 23 de novembro; dez; sete, sobre liquidación de plusvalía; tres, sobre recoñecemento antigüidade.

### **3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 17 de novembro de 2022 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribadavia nos seguintes termos:

Modificar o artigo 35 do Regulamento orgánico municipal do concello de Ribadavia que pasaría a ter a seguinte redacción:

Artigo 35. Publicidade das sesións das comisións informativas.

1. As sesións da comisións informativas terán carácter público. Poderán ser retrasmitidas/ou gravadas para a difusión pública e información veciñal. Asemade, poderán intervir nas mesmas representantes de asociacións constituídas para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais dos veciños, sempre e cando o soliciten aos presidentes por escrito con 24 horas de antelación e en asuntos que teñan un interes directo e que vaian a ser obxecto de ditame.

2. Tamén poderán participar nas sesións de comisións informativas os técnicos ou persoas afectadas directamente con un asunto a tratar nas mesmas e que se acheguen a reunión requeridos por algún concelleiro que así o solicite con 24 horas de antelación á reunión.

3. As actas das sesións das comisións informativas remitiránelles a tódolos concelleiros integrantes das mesmas xunto coa convocatoria da seguinte sesión via correo electrónico.

SEGUNDO.- Acordar a publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios deste Concello, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/o suxerencias que consideren oportunas

TERCEIRO.- En caso de non presentarse reclamacións nin suxerencias, entenderase aprobada definitivamente a modificación do ROM,

CUARTO.-Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro da modificación aprobada, publíquese no Boletín Oficial da Provincia de Ourense .

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, RENC ; reserváñse para o Pleno os membros do PP e BNG. Por conseguinte fica ditaminada favorablemente.”

**ALCALDESA.-** ESTA PROPOSTA DERIVA DUN ANTERIOR ACORDO PLENARIO, SE PRETENDE DAR UN MAIOR ACCESO Á VECIÑANZA AO FUNCIONAMENTO DOS ORGANOS DO CONCELLO E AUMENTAR A TRANSPARENCIA E A PUBLICIDADE.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº2 DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 17 de novembro de 2022 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 2 Reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, engadindo un apartado 3 ao artigo 4 Exencións e bonificacións co seguinte texto :

3. Gozarán dunha bonificación do 75 por 100 de cota do imposto os vehículos de mobilidade sostible entendendo por tal tanto vehículos eléctricos como os vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-dieses ou eléctrico-gas).

**SEGUNDO.** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto».

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, RENC ; reserváanse para o Pleno os membros do PP e BNG. Por conseguinte fica ditaminada favorablemente.”

**ALCALDESA.-** A modificación desta ordenanza busca ,na pequena medida en que o concello pode influir, favorecer o tránsito a unha economía sostible, e a implantación de enerxías renovables no termo municipal, contribuindo á loita contra o cambio climático, facilitando a adquisición e mantemento destes vehículos polos veciños e veciñas. Foi unha mocion presentada polo PP.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).-** Dar a benvida aos compañeiros, ao público e aos que nos seguen telemáticamente. Hai que pensar no cambio dos coches de cara ao futuro, a compra deste coches xa ten unha subvención e é para xente de maior poder adquisitivo. Pode ser un pouco inxusto bonificar.

**D Brais Fidalgo Martínez ,portavoz do goberno.-** Boa tarde aos asistentes e aos que nos seguen dende casa. É unha proposta do goberno , estamos a favor. É rechamante que o PP saia na prensa decindo que chegamos tarde. Hai un único vehículo beneficiado. É unha cuestión de futuro, se va nesa dirección, que se democratice o acceso a estes vehículos. A cuestión chega a tempo.

**D César Fernández Gil (PP).-** É resultado dunha moción do PP , presentada en novembro de 2021. Se trae agora. Nos parece ben , imos votar a favor.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **5.- MOCIÓN BNG CONTRA A CARESTÍA DE PREZOS NA NOSA CIDADANÍA.**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 17 de novembro de 2022 adoptou o seguinte ditame

Os salarios e rendas que sosteñen a inmensa maioría das economías familiares están a padecer unha grave perda de poder adquisitivo xa que a súa alza está a ser moi inferior á suba de prezos, que se ben empezou sendo

fundamentalmente unha inflación dos produtos enerxéticos está a trasladarse cada vez máis a produtos básicos e alimentos.

O mercado enerxético está regulado e polo tanto o Estado e maila Xunta teñen nas súas mans mecanismos que fan máis factible o control de prezos e a axuda aos colectivos sociais máis vulnerables, de xeito que esta perda de poder adquisitivo non empobreza máis a vida diaria da nosa cidadanía e limite máis aínda a súa capacidade de consumo para seguir engrosando as cifras de beneficios dunhas poucas empresas.

1. Demandar das administracións competentes unha serie de medidas urxentes de carácter social que permitan paliar os efectos de empobrecemento que a suba de prezos está facendo padecer á nosa cidadanía:

- o mantemento, con carácter indefinido, do desconto do prezo dos combustibles naqueles territorios coma o interior galego nos que apenas existen alternativas de transporte público que eviten o uso do vehículo particular para os desprazamento cotiáns da poboación

- unha tarifa eléctrica galega que permita que compense os custes sociais e ambientais que pagamos os territorios nos que se produce a xeración de enerxía

- a ampliación dos bonos eléctricos e térmicos para os fogares máis vulnerables e a posta en marcha dunha tarifa reducida que compense a suba abusiva dos prezos que están a sufrir tanto a hostalería coma o comercio local

- a restitución da tarxeta básica co fin de paliar as urxencias das persoas que máis o necesitan e que viron agravada a súa situación pola forte inflación

- a recuperación da tarifa especial para o alumeadado público dependente dos Concellos tal como a que existía ata 2009. Por ser este un servizo público de primeira necesidade cuxo incremento está a afundir as economías locais, e só se xustificou daquela na necesidade de manter os beneficios das grandes enerxéticas ante a caída do consumo.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol BNG ; reserváanse para o Pleno os membros do PSOE, PP e RENC. Por conseguinte fica ditaminada favorablemente.”

**D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- A moción pode parecer un pouco redundante. É unha demanda ás administracións competentes. Cada vez hai máis persoas con dificultades para chegar a fin de mes, a xente ten que optar entre poñer a calefacción ou a luz para aforrar. É triste eliminar a tarxeta básica coa inflación disparada. A xente non pode mercar o que antes podía.

Os carburantes seguen polas nubes, a pequena bonificación se agradece. Hai xente que se ten que desprazar moitos kilómetros cada día.

A tarifa eléctrica é unha vella demanda do BNG, producimos a electricidade e pagamos máis que nadie.

**D Brais Fidalgo Martínez ,portavoz do goberno.**- Un non sabe se non se coñece o traballo que se fai no concello ou se despreza. Non sei cantos concellos da provincia de Ourense con cinco mil habitantes ou máis teñen un bono social mensual.. O goberno está moi orgulloso de él, chega a corenta fogares, o 95% mulleres. Vale para a luz, a auga, a enerxía...

No resto estamos 100% de acordo coa moción do BNG. Ten custes gobernar, tamén na vida persoal e familiar, a veces te enemistas cos veciños. Reconforta aos que temos a vocación política de axudar aos demais que axudamos a corenta familias a pasar o mes.

Me gustaría que na Xunta se abordasen estas cuestións, hai comunidades autónomas cun bono social de verdade. O goberno do Estado sí afronta estas cuestións. É un debate máis do Parlamento, do Congreso. O PP foi o primeiro en criticar a excepción ibérica, logo se quedaron sen argumentos.

**D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE).**- Nos imos abster, entendemos que moitas das cousas que se piden na moción existen. O goberno do Estado ten feito moito neste tema: beca complementaria de cen euros, lei do mecenazgo, creación do Centro Estatal de saúde, impostos ás eléctricas e a banca, bonificación de vinte céntimos no combustible,...

A bonificación de vinte céntimos vaise manter, o que se fala é se vai a ser para todos ou se vai a limitar. O goberno do Estado responde á xente e ás necesidades. Non creemos que eses puntos de acordo fosen a ser a solución.

A famosa excepción ibérica conque os prezos da luz fosen máis baixos, é unha realidade palmaria.

Son cuestións a debatir noutros foros.

**D César Fernández Gil (PP).**- Coincidimos na dificultade da situación, nas solucións en algunha , noutras non.

**D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- O goberno do Estado e o goberno municipal están axudando aos máis necesitados. O espírito da moción é demandar a quen ten as competencias. Ampliar e restituir as axudas creadas no seu momento, que a xente máis vulnerable encontre apoio.

Alcaldesa.- Este concello ten moitas axudas para a xente máis vulnerable: bono aluguer, axudas á conciliación, material escolar...

Sometida a votación obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG (1), RENC (3), abstención PSOE (4), PP (5), fica aprobada.

**6.- MOCIÓN PP SOLICITANDO A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DOS ACCESOS E O ENTORNO DO CENTRO SOCIAL DA FONTIÑA MARIÑA EN FRANCELOS, CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS DA DEPUTACIÓN.**

A comisión informativa de Obras e Servizos Municipais na súa sesión de data 17 de novembro de 2022 adoptou o seguinte ditame

Exposición de Motivos:

O centro social da Fontiña Mariña, situado na localidade de Francelos, é un centro de referencia para a realización de diferentes actividades de carácter formativo, lúdico e/ou social da veciñanza de Francelos Isto supón que sexa importante o número de usuarios e usuarias os que visitan a cotío este centro social.

De todos é coñecido o feito de que os accesos a este centro social non son os axeitados, xa que son uns accesos moi complexos para persoas de avanzada idade ou con mobilidade reducida, Tendo en conta que os datos demograficos do noso concello nos amosan como se produce un importante avellentamento da poboación e, sendo conscientes de que ese avellentamento vai asociado ás veces a maiores dificultades na mobilidade das persoas, podemos concluir que un centro social cos problemas de accesibilidade que presenta o centro social da Fontiña Mariña impide que moitas persoas que quizais puideran participar nalgunha das actividades que ali se desenvolven, participen nas mesmas pola dificultade e o perigo derivado da mala accesibilidade a este local social.

Ao mesmo tempo, nos últimos dous anos, o concello de Ribadavia en lugar de destinar o Plan Provincial de obras da Deputación a facer obras, decidiu destinar eses cartos a sufragar gasto corrente. Isto podía ter xustificación no contexto do COVID-19 onde había que facer fronte a gastos moi importantes en material de protección sanitaria para os servizos municipais, pero entendemos que no contexto actual o Concello de Ribadavia debería aproveitar o plan provincial para a execución de obras e, ao mesmo tempo, entendemos que esta é unha obra que se pode axustar ao importe e as condicións do Plan provincial e que, ademais, permite dar resposta a unha necesidade que, dende hai tempo, teñen os veciños e veciñas de Francelos

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal do Partido popular de Ribadavia somete á consideración do pleno municipal a adopción do seguinte



1- Que o concello de Ribadavia destine o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos á realización da obra de mellora dos accesos e o entorno do centro social da Fontiña Mariña en Francelos.

2- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial a efectos de que se introduza esta obra como a obra a desenvolver no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos do ano 2023.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PP ; reserváanse para o Pleno os membros do PSOE, RENC e BNG. Por conseguinte fica ditaminada favorablemente.”

JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, voceiro do Grupo Municipal do

P.S.deG-P.S.O.E., acolléndose ó previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (RD 2568/1986) e ó previsto no artigo 23.4 do Regulamento da Corporación en relación coa MOCION DO P.P. SOLICITANDO A REALIZACIÓN DE OBRA DE MELLORA DOS ACCESOS E O ENTORNO DO CENTRO SOCIAL DA FONTIÑA MARIÑA EN FRANCELOS CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS DA DEPUTACION, presente a seguinte ENMENDA DE SUBSTITUCION:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Manifestamos a conformidade coa Exposición de Motivos da referida moción, e de feito o Concello leva traballando dende fai varios meses no arranxo dese Camiño e de outros do Concello que se atopan en mal estado.

Así o Concello tramitou na Deputación Provincial solicitude para a realización de obras por Administración, dentro do programa que ten o ente provincial de colaboración e asistencia técnica os Concellos da provincia (Expte. 2022/769B).

Por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial fixéronse as correspondente valoracións económicas (man de obra, materiais e maquinaria), así como informouse das autorizacións sectoriais necesarias, en concreto para esa obra da Comisión Territorial de Patrimonio e así consta no informe do pasado mes de setembro.

Polo tanto, queda patende a intención deste grupo de goberno de acometer esa e outras obras de bacheo e regularización de camiños municipais existentes no Concello.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte ENMENDA DE SUSBSTIUCIÓN, de xeito que o acordo sería o seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a inclusión do Camiño Subida de Fontiña-Mariña dentro do Programa da Deputación de Obras a executar por Administración (Expte. 2022/769B).

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial aos efectos oportunos.

**D César Fernández Gil (PP).**- Nos facemos eco da demanda dos veciños de mellora dos accesos e entorno do Centro Social da Fontiña Mariña. Tendo en conta as características e contía da obra se podía facer con cargo ao Plan Provincial.

**D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).**- Despois de leer a moción, pensamos que trasladar a esta institución o que non se fai noutras é unha falta de respecto.

O portavoz do PP e vicepresidente da Deputación fai o posible para que os veciños se acerquen ás súas posicións. Ser un político intelixente non é ser un bó gobernante. É un gobernante vago, traernos isto é unha falta de respecto.

Na Deputación non nos aceptan ningunha iniciativa. É unha falta de respecto decirlle ao concello onde ten que invertir 50.000 euros, a miseria que nos dan. A Cañiza recibe 600.000 euros da Deputación de Pontevedra para facer o que lle pete. Vostedes nos dan 50.000 euros, unha miseria, non fan caso á petición de reparto equitativo dos fondos. Vostede no orzamento lle da cero euros a Ribadavia. Nos dicen onde meter os cartos da Deputación, esa obra é necesaria como o son outras. Vostede non sei se é vago ou ten mala fe. Forma parte dun goberno que contesta a petición de este goberno á Deputación na que se pedían brigadas para camiños que fai falta un informe sectorial. O dixen o outro día que está pendente dos informes sectoriais. Que xa están pedidos.

A nosa emenda de substitución é:

PRIMEIRO.- Ratificar a inclusión do Camiño Subida de Fontiña-Mariña dentro do Programa da Deputación de Obras a executar por Administración (Expte. 2022/769B).

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial aos efectos oportunos.

Hai un informe firmado polos técnicos da Deputación. Vostede tería en conta que se ía facer. Isto se faría se vostede e a Deputación nos mandan as brigadas, se non o boicotean. Nos introducimos esta emenda de substitución, estamos de acordo no que plantexan da necesidade. É falta de respecto non escoitar o que nos decimos.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- En canto á moción estou de acordo na mellora do centro de Fontiña Mariña e na exposición de motivos. O plan de obras da Deputación pode arreglar cousiñas. Hai un grupo que dice que se gasta en gastos correntes. Me parece importante executar o Plan de obras, son necesarias en todas as localidades.

Me parece ben a engadega do PSOE, non se executaron ningunha das obras previstas nos orzamentos do concello. Aos da oposición tamén nos gusta que as cousas saian ben, hai que respectar o traballo de todos, goberno e oposición. Nos actuamos coa referencia dos problemas do noso concello.

**D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.-** O PP presenta esta moción, resulta imposible non aludir o debate do anterior pleno. Intentarei ser o máis obxectivo. O Partido Popular de Ribadavia que goberna tamén na Deputación adica cero euros a Ribadavia nos orzamentos da Deputación. Ribeiro en Común fixo unha emenda aos orzamentos provinciais, non tendo deputado provincial, o PP de Ribadavia fixo caso omiso. O PP lle deu cero euros a Ribadavia, hai mesmo gobernos municipais do PP discriminados polo baltarismo. Ribadavia , cando tivo un alcalde do PP, as inversións da Deputación foron minúsculas. O núcleo de Francelos recibiu cero euros en dous anos. Se acabaron as beirarrúas tarde mal e a rastras. Os feitos falan por sí mesmos , é un dato obxectivo e riguroso.

O PP esaxera na prensa e nas redes sociais. O portavoz do PP sabe que os plans provinciais se adicaron a pagar préstamo e plan de provedores sendo él alcalde. ¿ Querem que deixemos de pagar aos provedores? É un préstamo que caduca este ano. Houbo un ano en que o goberno do PP destinou a préstamo o Plan Provincial. Pretenden enganar á cidadanía que non queremos facer esta obra. En vez de colaborar co goberno e aceptar emendas veñen a crear rebumbio e terxiversar os datos. Se equivocan na estratexia ,non fan oposición constructiva. Pensan que canto peor para Ribadavia, mellor para o PP. A lei de Rajoy obrigou aos concellos a endebedarse. O PP pretende en vez de pagar este préstamo, que se dedique a facer obras. A intención do PP se ve de lonxe. A débeda da Deputación con Ribadavia nesta lexislatura é enorme, é o concello cabeceira de comarca con máis habitantes que menos recibe. Se está atacando aos veciños de Ribadavia.

**D César Fernández Gil (PP).-** Estamos nunha situación complexa. A nosa iniciativa se aproveita para facer un ataque directo. Quizás o erro foi non dar máis detalles. Acceso e entorno son cousas diferentes. Unha cousa é a rega asfáltica pendente dos informes sectoriais. Pretender que eu veto as brigadas e non saber como funciona ese programa. Cando haxa permisos sectoriais veñen as brigadas. A emenda presentada podía ser de adición, é complementaria. A aceptaríamos perfectamente como emenda de adición, non hai contradicción. Podo asumir que non fomos suficientemente explícitos na moción.

Durante o goberno do PP no ano 2019 o plan provincial adicouse ao arranxo do entorno da Arquetiña e no ano 2020 ás beirarrúas da rúa Piñeiral. No ano 2021 se dedicou a gasto corrente dado que a adquisición de material para o covid provocou uns gastos extraordinarios. O pode ratificar o interventor.

Xa non estamos no contexto da pandemia, é momento de volver a facer obra. Non se lle falta ao respecto a ninguén. Somos altavoz neste pleno das demandas dos veciños. Traemos unha moción, unha proposta constructiva ao pleno. Non hai nin unha mala palabra na moción cara ao goberno. Todo o demais que dicen non ten que ver coa moción. Lle pedimos ao goberno de Ribadavia que lle pida á Deputación que meta esta

obra no Plan Provincial. Se non están de acordo ten lexitimidade para dedicar o Plan provincial a gasto corrente. Deixenos facer o noso traballo.

Coa convocatoria do pleno extraordinario non houbo chamada do goberno. Cando eu era alcalde a data e a hora do pleno extraordinario sempre se consensuaba coa oposición. É tan sinxelo como chamar por teléfono, non se fai. Con esa actitude habería moitos acordos. No pleno se adoptan moitos acordos por unanimidade.

**Alcaldesa.-** A convocatoria do pleno extraordinario foi por unha cuestión de prazos do préstamos, e había unha reunión do padroado. Foi por dilixencia e cuestión de prazos.

**D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.-** Os discursos están moi ben, pero nos remitimos aos feitos. O PP trae unha moción pedindo que se destine o Plan Provincial ao centro social de Fontiña Mariña. No pleno de outubro cando se debatiu arranxar a pista deportiva do pavillón, o PP dixo que se podía usar o Plan Provincial. ¿ Qué o que quere facer co Plan Provincial, a pista do pavillón ou a Fontiña Mariña? Cando vostede foi alcalde non o destinou nin ao pavillón nin a Fontiña Mariña. Pudo facer un convenio de eses a dedo que fai a Deputación.

No plan de obras do concello se pediu axuda á Deputación para a rúa Veronza, a Deputación non axuda. Se presentaron moitos proxectos á Deputación, isa é a acción do goberno. Me dan igual os insultos na prensa e as mentiras nas redes sociais. Me gustaría que non se fose contra os veciños de Ribadavia.

O importante son os feitos que falan por sí sos. Eu non xesticulo cando vostedes falan. Nas redes sociais se pasan tres pobos con este goberno. Usan perfíles falsos para facer ataques persoais, o que eu nunca faría.

**D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE).-** Se vostedes mesmos poñen a excusa de que está mal redactada a moción. Compraría o argumento, pero leo o que presentan non o que dicen. Claro que é un acceso, é a emenda que traemos e aquí. Se o que queren é decidir facer accesibilidade cunha rampa.

¿ Non hai accesibilidade no centro de Fontiña Mariña? Ten a accesibilidade que marcaron os técnicos. É imposible debatir ante tamaña barbaridade. É unha falta de respecto, trasladarlle á xente que non hai accesibilidade. No seu momento fai quince anos, esa obra custou tanto como o que se pide. Nadie traslada esa necesidade.

**Alcaldesa.-** En Francelos nadie.

**D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE).-** Esta obra tal e como a traedes, é o que vendedes na prensa e nas redes sociais. Trasládades á xente que o goberno non quere investir nas necesidades.

Se queremos que se arranxen os accesos, os veciños plantexan máis o acceso ao colexio. Non se pode xogar con cousas que non son certas. Hai un plan de obras municipal, planexamos facer obras. Se o gasto corrente queda saldado , con ese diñeiro se poden facer obras. Non queremos que a Deputación adxudique as obras. A obra da rúa Piñeiral non a vou a calificar.

Na última xunta de goberno adxudicouse o asfaltado da rúa Veronza , a vai a facer o concello, por 27.000 euros.

A praza de García Boente se vai a adecentar con recursos propios

¿ O PP consultou cos técnicos a viabilidade dunha rampla de accesibilidade? Esta moción que plantexan non a podemos aprobar, outra cousa distinta a debatiremos.

Se non se fan as obras e porque están pendentes de informes sectoriais. Se ti non as vetas e porque ti das as obras.

**Alcaldesa.-** ¿ Estás de acordo en como reparte o diñeiro a Deputación e que non veña nada a Ribadavia?

**D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE).-** Para nos xa está executada a petición.

**D César Fernández Gil (PP).-** Non aceptamos a emenda de substitución, a aceptamos como engadega.

Sometida a votación a emenda de substitución obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), votos en contra PP (5), abstención RENC (3), BNG (1), non fica aprobada.

Sometida a votación a moción obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), votos en contra PSOE (4), abstención RENC (3), BNG (1), fica aprobada.

## **7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

### **MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O SERGAS REFORCE O SERVIZO DE PEDIATRÍA MÉDICA NO CENTRO DE SAÚDE DE RIBADAVIA.**

#### **Exposición de Motivos :**

A situación do servizo de Pediatría en Ribadavia debe ser reforzado coa contratación de máis pediatras. Temos un bo servizo con magnificas profesionais que se ven obrigadas a atender diariamente a un número de nenos e nenas maior do que o propio SERGAS e a propia norma establecen. Isto provoca en moitas ocasións a saturación do servizo.

O actual servizo dispón de unha médica pediatra a tempo completo, de luns a venres, e unha médica pediatra que compaxina o centro de saúde de Ribadavia, no que está tres días, con outro centro. Polas tardes, e sábados, domingos e festivos Ribadavia e o Ribeiro non teñen servizo de pediatría.

O mapa médico de Ribadavia mostra que o servizo de pediatría non se presta unicamente á poboación do noso municipio, senón que todos os concellos da comarca están sen pediatra, o que supón na área de traballo do servizo unha carga de traballo que supera os límites municipais.

Polo que os nenos e nenas que atenden non son só do noso municipio senón de todos os concellos da comarca do Ribeiro. Consideramos que as Ratios establecidas para toda Galicia polo SERGAS son excesivas e provocan unha

demora na citación dos nosos nenos e nenas, e unha saturación, en moitos casos, do servizo de pediatría dos centros de saúde.

As situacións de saturación son variables en función das épocas e dos municipios, e no noso caso é moito maior respecto a outros centros de saúde, por exemplo da cidade de Ourense. Consideramos que en Ribadavia debера existir como mínimo dúas pediatras a tempo completo, tendo en conta ademais que non existe Servizo de pediatría nas fin de semanas, sábados e domingos, e festivos.

Por riba, no servizo de pediatría, igual que nos demais servizos médicos do noso ambulatorio, non se cobren as baixas de médicos, nin as súas vacacións e días libre. O que ocasiona, non poucas veces, a acumulación de pacientes e a sobre carga nas nosas profesionais, redundando nun menoscabo dos dereitos laborais básicos e no empeoramento do servizo.

Estamos a falar da atención sanitaria aos membros máis pequenos e máis queridos de todas as familias, o que debера supoñer unha atención prioritaria por parte das Administracións titulares.

Con toda seguridade esta realidade é común a moitas vilas e comarcas en toda Galicia, mais a responsabilidade dos grupos municipais de Ribadavia e do Pleno municipal debe ser defender os intereses xerais dos nosos veciños e veciñas.

Por todo o anterior, facemos a seguinte PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

1. O CONCELLO DE RIBADAVIA SOLICITA QUE O SERGAS REFORCE O SERVIZO DE PEDIATRÍA COA CONTRATACIÓN DE MÁIS PEDIATRAS.

Establecer un servizo coas dúas pediatras a tempo completo. - Cubrir vacacións, baixas e días libres de todos os médicos do Centro de Saúde de Ribadavia

Estudar a posibilidade de implementar un servizo de urxencias pediátricas no PAC de RIBADAVIA- O RIBEIRO, incluíndo as fin de semana e festivos.

## Trasladar este acordo á xerencia do SERGAS de Ourense e aos Servizos Centrais de Compostela

Sometida a votación a urxencia fica aprobada por unanimidade.

**D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.-** A moción foi rexistrada o martes. O día das comisións houbo un problema coas citas, houbo queixas de pais e nais. Se detectaron eivas por este grupo.

Pedimos que se reforce un servizo básico para Ribadavia e toda a comarca. Que se reforce o 100% da xornada dos médicos pediatras, que se cubran as baixas e as vacacións. Se crea unha aglomeración e se satura o servizo. É algo crucial, é un servizo básico para asentar poboación.É unha moción xusta.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).-** Non tiña a moción, a coñecía a través da prensa. O que se pide me parece xusto. Non sei se o servizo é suficiente para cubrir a demanda. A sanidade está en pe en case todos os sitios. As reivindicacións me parecen xustas. Un reforzo de fin de semana, por suposto. Sempre quedar como estamos ou mellorar.

**Secretario.-** Non se mandou a moción aos grupos por un erro meu.

**D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE).-** É tan recente o tema do Centro de saúde de Ribadavia. A culpa de que quitaran pediatras, xinecólogos era do alcalde. O PP é quen ten as competencias en materia de sanidade nesta comunidade autónoma. Hai que facer reflexionar a sociedade. Con miles de firmas se tratou de evitar que non retirasen a enfermeira e a ambulancia. En xinecología se laminou o servizo. A pintura e os baños novos se vendeu como unha panacea. Se precisaba un centro de saúde novo.Estamos vendo os ríos cheos, ogalla non haxa temporal forte, se pode ver afectado o Centro de saúde . Era unha reclamación de vinte anos. Estamos de acordo en que haxa máis pediatras. A veces hai unha ou dous horas de espera. Na moción se podían poñer máis cousas. O Centro de saúde non cumpre a atención primaria.

**D César Fernández Gil (PP).-** Estamos a favor.

**Alcaldesa.-** Levamos moitos anos sufrindo recortes de persoal no Centro de saúde, dous enfermeiros, odontólogo, psicólogo, administrativo no centro de orientación familiar. Pola época do ano hai moita bronquilitis, tratamentos sen revisar. A atención primaria non levanta cabeza. A competencia é da Xunta , que rebaixou o orzamento para atención primaria , as consecuencias a sofren os veciños. O PSOE sempre loitou por este tema. Moitos dos servizos se recortaron sendo César alcalde. Non pode ser que se teña que ir a urxencias polos recortes na atención primaria . Os contratos do persoal son precarios. Na moción se podían engadir máis cousas.

**D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno .-** Concordo co sinalado polo PSOE e BNG. O solicitado é xusto e factible de facer. Prefiro que haxa debate, ao PP non lle merece nin opinión este tema. Este tema é substancial, o que se pide na moción é básico.Se debe facer , hai que dar traslado ao xefe do servizo de Ourense. Respecto ao acceso é competencia do SERGAS, noutros sitios o fai. Ás veces, coas mocións e facer presión se consiguen cousas. Reclamamos un acceso digno, a entrada é ilegal, o dí a Policía Local. A saturación é estrutural. Os médicos pediatras están saturados.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- Eu non me quexei do tempo que utilizan outros grupos, foi un chascarillo.

Hai unha petición da ANPA do IES O Ribeiro de que se coloque unha marquesiña.

**Alcaldesa.**- Xa está solicitada.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- Preguntar se hai unha data para inaugurar as luces de nadal

**Alcaldesa.**- A previsión é inaugurar o día 3 de decembro.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- Preguntar se a empresa da luz é a de sempre.

**Alcaldesa.**- Houbo un cambio de empresa ao presentar un orzamento máis barato.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- Preguntar cómo está o tema de Ribadanal.

**Alcaldesa.**- Están solicitados orzamentos e se está a espera dos mesmos.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- Sinto que non se informa o suficiente nas comisións informativas. Houbo unha solicitude dun sindicato para o abono do incremento no soldo do 1,5% por cento e que se abonase en novembro.

**Alcaldesa.**- O soldo dos traballadores vaise actualizar, o sindicato pide que sea en novembro ,e iso o teñen que valorar os técnicos, está en función das disponibilidades da tesourería.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- A empresa Esinpro presenta un proxecto de actualización da captación ¿ a qué se refire exactamente?

**Alcaldesa.**- Á nova captación do río Miño-

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- Hai un requerimento da Confederación Hidrográfica sobre a captación do río Maquians

**Alcaldesa.**- Foi remitido a Aqualia.

**Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).**- ¿ Qué actividades hai previstas de cara ao 25 de novembro?

**Alcaldesa.**- Había unha obra de teatro contratada, a actriz foi operada e houbo que cambiar. As actividades serán anunciadas nas redes haberá obra de teatro, cartelería, se iluminará o castelo e a fonte, un video de maiores en nosa señora dos anxos. Servizos sociais irá aos colexios a dar charlas. Convido á lectura do manifesto que será as trece horas.



**D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno** .- Desculpar o erro do secretario que ten moitos labores.

E sendo as dez horas e cincuenta minutos a presidencia levanta a sesión